## RAMOS DE GOLES

Marzo despideuse no futbolístico cun domingo de Ramos pletórico para xuvenís e modestos con vitorias e moitos goles. Analizamos o que nos deixou a pasada xornada:

**MODESTOS**: Gran vitoria en Prados Vellos ante o Estrella CF no día no que o desfibrilador de Prados Vellos presentábase en sociedade grazas as mulleres numantinas. Triunfo do primeiro equipo que se situa na 4ª posición cando restan 3 xornadas por disputarse na Segunda Autonómica. ¡¡¡Qué nos quiten lo bailado¡¡¡

**XUVENÍS**: Goleada na sesión matinal do domingo ante o Miño no Municipal de Gallamonde. Vitoria para seguir na 2ª posición e para chegar a recta final con todas as opcións intactas.

**CADETES**: Boa primeira parte dos cadetes en Prados Vellos ante un Narón que conseguiu remontar o partido na segunda metade ante un equipo cadete que tivo que botar man de 5

xogadores do equipo infantil.

**INFANTÍS**: Desfrutaron de xornada de descanso na Liga Infantil Pizza Movil grupo 4.

**FÚTBOL - 8**: Os **alevíns** celebraban unha vitoria en Prados Vellos ante o Rápido de Neda "B". Tamén en Ares os **benxamins** superaban ao UD Cebarca. O **prebenxamín "A"** vencía "in extremis" ao Racing San Pedro en A Gándara. O **prebenxamín "B"** vencía ao CD Cariño en Prados Vellos. Os **biberóns** xogaban un novo partido da Liga AFACO de fútbol - 8 ante os amigos do AD Miño no Municipal de Gallamonde.

En resumo, unha xornada que nos deixuo moitos goles e boas sensacións antes do parón de Semana Santa. Unha Semana Santa onde os equipos de fútbol - 11 seguirán adestrando e os de fútbol - 8 participarán dende o xoves ata o sábado no III Torneo de Concello de Mugardos de fútbol - 8 nas instalacións de A Pedreira. ¡¡¡Acudide a animalos¡¡¡

O Numancia somos tod@s

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡